



UNHA NOITE LONGA

unha cruz ou un allo. Que se pode facer?

Esa noite é outra noite cruel, seus pais saíron. Outra vez igual, Alex empeza a falarlle a Iago:

- Criatura estúpida, treme de medo. A noite na que irei a comerche o cu achégase. Iago está todo tapado na cama cando, de súpeto, ocorreselle a solución para o seu espantoso futuro.

Cando os seus pais chegan, a policía está alí. O inspector dilles:

- O seu fillo chamounos. Parece ser que se espertou polo ruído das ventás.

Alex estaba inmóbil na cama, se cadra en coma, cun golpe atroz na cabeza.

- O ladrón debeu entrar pola ventá e golpear ao rapaz mentres durmía. Despois, fuxiu sen levar nada, seguramente ao escoitaren ao seu outro fillo.

Á policía non lle estrañou que o intruso utilizara aquel paquete para golpear ao rapaz. Era moi pesado. Mentres falaban co seu pai, a súa nai, catatónica, abría o paquete abolido para abrazar o boneco macizo de madeira que lle regalaran a Alex por ser o mellor no seu curso de ventriloquia.

UXÍA PARRDO LÓPEZ, S 2 A



Era unha tarde de inverno, pero facía bo tempo e decidimos saír da casa uns amigos e eu. Puxémonos a pensar que iamos facer e decidimos ir unha miga explorar novos montes onde poder ir cazar. Atravesamos o monte do Fervedeiro, cruza-

mos os prados da Regada e adentrámonos no Trouso, un lugar hostil. Non nos afastabamos moito do río, que era o noso referente para volver. Por un descoido, collemos un camiño equivocado, e cando nos demos conta, xa non sabiamos onde estaba o río. Eran as cinco e media e comezaba a escurecer. Empezamos a poñernos nerviosos e fixemos unha pausa na que decidimos pasar a noite no monte, xa que os móbiles non tiñan cobertura para chamar. Consequimos unhas castañas que se conservaban nunha ouriceira, tamén colocamos un lazo no que caeu un coello. A sorte foi traer un par de chisqueiros e as navallas.

Asamos as castañas e preparamos o coello en pequenos anacos e puxémolos nuns espetos a carón do lume. Ás dez, de novo estivemos matinando onde durmir. Decidimos durmir nas árbores porque aquel lugar estaba poboado de carballos e castiñeiros. Cada un colleu a que quixo. Durmimos un pouco, pero de súpeto espertamos, algo andaba abaixo no chan, era áxil e silencioso, só se vían vultos negros. Cada un colleu o seu caxato ou a navalla, menos Lois, que lle prendeu lume a unha mada de fieitos que lle facían de cama e arrebolóullela aos vultos. Durante uns segundos viuse a cara dos lobos, eran tres grandes e fortes lobos. Estiveron alí toda a noite esperando, e cos primeiros raios do sol fóronse. Puxémonos a andar, e despois dunha hora, chegamos a Alverde, un sitio moi coñecido por nós e encamiñámonos cara as nosas casas.

Dende ese día, non marchamos da casa sen nada nas mans.

MANUEL FERNÁNDEZ PAMPÍN, S3B